COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 28 DE NOVEMBRO DE 2019

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e catro minutos do día vinte e oito de novembro de dous mil dezanove, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Político PSdeG-PSOE:

Dª. MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
Dª MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
Dª. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
Dª. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
Dª. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
Dª. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ

Polo Grupo Político Popular:

Dª. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VEREA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

C.I.F. P-1503100-H

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
Dª. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

Dª. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
Dª. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro, e da fe do acto a secretaria xeral do Concello, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

1.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2018.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 25 de novembro de 2019 que literalmente di:

"A Conta Xeral do Concello de Culleredo correspondente ao exercicio económico de 2018, formada pola Intervención municipal, rendida polo Presidente e informada pola Comisión Especial de Contas, foi exposta ao público por un prazo de quince días, non téndose recibido reclamación, reparo ou observación algunha durante o devandito período de exposición e oito días máis ao que fai referencia o artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Polo tanto, PROPONSE ao Pleno Municipal:

A aprobación da Conta Xeral do Concello de Culleredo correspondente ao exercicio de 2018."

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo politico do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que se presenta para a súa aprobación, e debate previo se procede, a conta xeral do exercicio 2018, xa ditaminada pola Comisión Especial de Contas e da que hai que destacar que se trata dunha conta xeral que proxecta unha situación económica saneada das contas do Concello de Culleredo, cun resultado presupostario de 1.350.000 euros, un superávit de 1.500.000 euros, unha partida 413, correspondente aos acredores por operacións pendentes de aplicar ao prosuposto, de cero euros, e un remanente de tesouraría de case nove millóns de euros, concretamente 8.736.961,48 euros, o que demostra un músculo financeiro por parte do Concello de Culleredo e, respecto do volumen de débeda viva do Concello de Culleredo, hai que destacar que non existe débeda bancaria, que é cero, e que a única débeda existente é a resultante de aplicar os criterios contables á hora de tramitar o plan de obras e servizos da Deputación, situándose nun 6,72%, moi lonxe do 110% que permite a normativa; que estas contas además amosan un aforro neto de 3.448.896,77€; que desde un punto de vista non financeiro amósase unha importante capacidade de financiación de 1.283.765,87€ e que, además, entende que desde os servicios de Intervención faise un gran esforzo respecto do prazo de pagamento a provedores cunha ratio que probablemente haxa anos que non se vía posible pois estase pagando aos provedores nunha media de cinco días; que por todo isto, vistas as ratios relacionadas e á vista do informe emitido pola Intervención municipal, solicita a aprobación do resultado da Conta Xeral do ano 2018.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a interpretación que o Sr. Taibo Monelos fai dos datos presentados pode ter outras interpretacións alternativas pois cando se fala do remanente de tesourería existente hai que lembrar que o Concello aforra por obriga e que xa se falou de que a "Lei Montoro" obriga a aforrar e a deixar os cartos inmobilizados nos bancos para que dispoñan deles, sen que o partido socialista aproveitara a ocasión para levantar esta restrición e evitar que as administracións públicas aforren para os bancos e para que teñan un inmobilizado de forma gratuíta, considerando reinterpretable considerar un éxito que o Concello teña ese remanente e ese superávit; que o Concello ten que andar lixeiro para, na pequena marxe que queda, non aforrar máis do que a Lei esixe, parecendo que isto é o que lle está pasando ao Concello de Culleredo, que aforra máis do que se lle esixe en detrimento da atención de servizos e necesidades; que con respecto ao periodo medio de pago aos provedores, curiosamente nunha das resolucións das que se dá conta neste pleno, vese unha liquidación de xuros que parece indicar que non se está computando ben ese periodo pois nesa resolución indícase que unha empresa reclamou xuros polo retraso no pago da súa factura, dunha cantidade importante da que non dispón neste momento pero que daba un importe correpondente de xuros de 1.700 euros, preguntando por que se tardou en pagar a esta empresa que presentou a factura o 18 de maio e se paga en novembro, non cadrando moi ben que se estean pagando xuros por demora nos pagos e que se teña un periodo medio de pago de cinco días.

C.I.F. P-1503100-H

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que hai outra cousa máis na que quere incidir e que é algo que figura na memoria, relativo á contratación administrativa do procedemento de adxudicación onde hai unha táboa que di canto das obras, dos subministros e dos servizos foi licitado a través dun procedemento aberto, dun procedemento restrinxido ou dun procedemento negociado ou cando se carecía de calquera deses procedementos e que tamén na documentación deste pleno, como en todos, vén sobrada información de centos de miles de euros dos que hai reparos da Intervención e da Secretaría que son levantados sistemáticamente a pesar de que se indica que suspenden a tramitación dos expedientes; que na memoria aparece un resumo e di que en obras licitáronse por procedemento aberto 1.330.000 euros, por procedemento negociado 141.000 euros e por adxudicación directa, é dicir, prescindindo de todos eses procedementos legais, 1.457.321,43 euros, é dicir, que aproximadamente o 50% foi adxudicado directamente pois o total é de 2.900.000 euros; que en subministros hai un total por procedemento aberto de 127.000 e por adxudicación directa 2.194.000 euros, é dicir, que sobre un 90% foi adxudicado directamente pois o total son 2.321.000 euros, considerándoo unha porcentaxe totalmente inadmisible; e que por servizos foron 2.243.000 euros por procedemento aberto dun total de 6.258.000 euros e 4.015.000 por adxudicación directa, é dicir, un sesenta e pico por cento.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que en total adxudicáronse 3.700.000 euros por procedemento aberto, 141.000 euros por procedemento negociado e 7.744.000 euros por adxudicación directa, dun total de 11.000.000 euros, o que non é para estar contentos de como se está xestionando a contratación en Culleredo invitando ao equipo de goberno a facer un pouco de autocrítica.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, diríxese ao Sr. Chouciño Garrido e lle di que as matemáticas non admiten interpretación e que a Conta Xeral non a fai o equipo de goberno senón que a fai a Intervención municipal e o feito de que o periodo medio de pago a provedores sexa de cinco días é unha realidade; que por outro lado di que non se pode ver a palla no ollo alleo e non ver a viga no propio e hai que ter en conta que o orzamento do Concello de Culleredo ascende a 25.000.000 de euros polo que falar dos xuros dunhas facturas concretas por importe de pouco máis de mil euros pode inducir a erro pois existen moitos condicionantes e cando as facturas entran e son recoñecidas polo Concello son pagadas dentro dese periodo referido pola Intervención municipal ocurrindo ás veces que as facturas se presentan e se discute sobre as mesmas diferentes cuestións antes de ser recoñecidas.

Continúa a súa intervención o Sr. Taibo Monelos e lle di ao Sr. Chouciño Garrido que incurre nunha contradición cando por unha parte di que o Concello imponse máis aforro que o obrigatorio, non sendo isto certo pois afórrase o que impón a normativa vixente, e por outro lado critica os levantamentos de reparo que o equipo de goberno fai para atender os diferentes servizos municipais; que o equipo de goberno entende que estas contas reflicten unha situación moi saneada do Concello e que lle gustaría poder modificar todas esas restricións que existen para as entidades locais e poder investir máis nas necesidades dos veciños e veciñas de Culleredo, que son moitas e que están dispostos a satisfacelas.

De seguido solicita de novo o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que non entendeu o da palla en ollo alleo pois non sabe que relación pode ter el cos comentarios que se fixeron nin a que se referiu con esa afirmación; que por outro lado, respecto do comentado polo Sr. Taibo Monelos sobre que non casa a idea de dicir que se aforra excesivamente, o que el dixo foi que se aforra máis do obrigado porque non hai capacidade de execución prespostaria, que se está nun 85% e se non se executa o presuposto afórrase; que se podería botar un ollo a todas as previsións do orzamento de investimento que quedaron sen executar e tamén a aquelas de gasto corrente que o equipo de goberno deixa tamén sen gastar; que con respecto a que non cadra coas porcentaxes de licitacións que non se axustaron ao procedemento pídelle que non retorza os argumentos pois el o único que dixo é que fagan autocrítica e apliquen a lexislación de contratación, de obrigado cumprimento, para que todos os contratos sexan legais porque todo o que dixo é o que vulgarmente se

C.I.F. P-1503100-H

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

chama “a dedo” e o único que demandan é que a contratación se faga conforme á lei e de forma áxil para poder executar todo o orzamento que sexa posible e evitar aforrar máis do que xa impón a lexislación.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que o Sr. Chouciño fala de que o equipo de goberno non é capaz de facer unha importante execución orzamentaria e ao mesmo tempo fala de cuantías de execución dun 85%, indicando o Sr. Taibo Monelos que esta porcentaxe representa unha execución orzamentaria moi importante, pero que, de todas formas, recollen o guante porque hai servizos que efectivamente están pendentes de que se tramiten pero neste momento a área de contratación ten as restricións de persoal que ten e está a facer un esforzo moi importante para sacar adiante os distintos contratos que agora a nova Lei de contratos establece para as administracións públicas.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 25 de novembro de 2019 co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández,

Votos en contra: ningún

Abstencións: 9 (nove) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Verea, Prieto García. Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

C.I.F. P-1503100-H

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 25 de novembro de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

2.- PROPOSTA RELATIVA A MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DO GAU (GRUPO DE ACCIÓN URBANA) CREADO MEDIANTE ACORDO PLENARIO DE DATA 25/10/2018.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 22 de novembro de 2019, que literalmente di:

“PROPUESTA

Por el Pleno de la Corporación en sesión celebrada el día 7 de enero de 2016 se adoptó el acuerdo de solicitar la ayuda de la primera convocatoria para la selección de estrategias de desarrollo urbano sostenible e integrado, a la Dirección General de Fondos Comunitarios del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas que serán cofinanciadas mediante el programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020; aprobar la Estrategia integrada de desarrollo urbano sostenible (EDUSI) CULLEREDOVIVO; y autorizar al Sr. Alcalde para llevar a cabo todas las actuaciones derivadas del citado acuerdo.

Por resolución de 12 de diciembre de 2016, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se resuelve definitivamente la primera convocatoria para la selección de Estrategias de Desarrollo Urbano Sostenible e Integrado que serán cofinanciadas mediante el Programa Operativo FEDER de Crecimiento Sostenible 2014-2020, efectuada por Orden HAP/2427/2015, de 13 de noviembre, fue seleccionada la estrategia presentada por el Ayuntamiento de Culleredo denominada CULLEREDOVIVO.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

La EDUSI CULLEREDOVIVO considera la participación ciudadana como uno de sus pilares fundamentales, tanto en su fase de definición como en su fase de gestión e implementación.

En la fase de gestión e implementación, la estrategia dispone, en su apartado 9.2, que la misma se llevará a cabo a través del Grupo de Acción Urbana (GAU), configurado como el órgano de consulta, participación y coordinación social de la Estrategia de Desarrollo Urbano Sostenible Integrado de Culleredo.

Por el Pleno de la Corporación, en sesión ordinaria celebrada en fecha veinticinco de octubre de dos mil dieciocho se asoptó el acuerdo, entre otros, de crear el Grupo de Acción Urbana (GAU) de la Estrategia de desarrollo urbano, sostenible e integrado CULLEREDOVIVO, con una duración temporal hasta la finalización de la Edusi Culleredovivo, y con la siguiente composición:

- Un presidente/a que será el alcalde/sa o concejal/a en quien delegue.
- Concejales/as del Ayuntamiento representando las diferentes áreas de gobierno implicadas en las líneas estratégicas de la Edusi “Culleredo Vivo”: Urbanismo; medio Ambiente, servicios y obras; Bienestar Social e Igualdad; Desarrollo socioeconómico, turismo y fiestas; Hacienda, Patrimonio y Contratación; así como un representante de cada grupo político con representación en la corporación municipal.
- 1 representante de cada Consejo Sectorial definido en el Reglamento orgánico de participación ciudadana del Ayuntamiento de Culleredo (BOP nº 29 de 4 de febrero de 2008) por acuerdo de Pleno del Ayuntamiento de Culleredo el día 30 de octubre de 2007. Cada Consejo Sectorial podrá nombrar nuevos representantes durante la duración del GAU.
- Un secretario/a que será el responsable/coordinador de la Unidad de Gestión de la EDUSI Culleredovivo y un/a vicesecretario/a miembro de dicha unidad de gestión, que estará apoyado por la asistencia técnica de la estrategia.
- Las ciudadanas y ciudadanos podrán llevar a cabo un seguimiento de todas las actuaciones que se realicen a través de los canales de comunicación habilitados para ello (página web, facebook y twitter) y podrán asistir a las reuniones del GAU libremente actuando con voz pero sin voto.

Con motivo de las elecciones municipales celebradas el 26 de mayo del presente año, se produjeron cambios en las áreas de gobierno, por lo que se hace preciso adecuar la composición del GAU a esta nueva realidad.

Visto el informe propuesta del Jefe de Gabinete Técnico de fecha 21 de noviembre de 2019,

Visto el dictamen de la Comisión Informativa de Urbanismo, Medioambiente, Obras, Servicios, Seguridad Ciudadana y Personal, adoptado en sesión de fecha 21 de noviembre de 2019,

SE PROPONE AL PLENO MUNICIPAL LA ADOPCIÓN DEL SIGUIENTE ACUERDO:

Modificar la composición del GAU establecida mediante acuerdo plenario de fecha 25/10/2018, y establecer la siguiente:

- Un presidente/a que será el alcalde/sa o concejal/a en quien delegue.
- Un Concejal/a del Ayuntamiento por cada área de gobierno implicada en la ejecución de las líneas estratégicas de actuación (LA) de la Edusi Culleredovivo, que son las siguientes tras la fusión de líneas aprobada por la Subdirección General de Cooperación Autonómica y Local del Ministerio de Política Territorial y Función Pública, comunicada a este Ayuntamiento con fecha 14 de enero de 2019:

C.I.F. P-1503100-H

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- LA 1_2. Culleredo ciudad smart.
- LA 3. Transporte público sostenible.
- LA 4_5. Trama urbana y red peatonal.
- LA 6_7. Puesta en valor del patrimonio medioambiental y cultural en el entorno del camino del Santiago.
- LA 8_9_10. Mejora de la transición ciudad-zonas industriales, la permeabilidad urbana y el patrimonio industrial.
- LA 11_12. Dinamización social y económica de Culleredo.
- LA EJE 13. Asistencia y comunicación.

- Un representante de cada grupo político con representación en la corporación municipal.
- 1 representante de cada Consejo Sectorial definido en el Reglamento orgánico de participación ciudadana del Ayuntamiento de Culleredo (BOP nº 29 de 4 de febrero de 2008) por acuerdo de Pleno del Ayuntamiento de Culleredo el día 30 de octubre de 2007. Cada Consejo Sectorial podrá nombrar nuevos representantes durante la duración del GAU.
- Un secretario/a que será el responsable/coordinador de la Unidad de Gestión de la EDUSI Culleredovivo y un/a vicesecretario/a miembro de dicha unidad de gestión, que estará apoyado por la asistencia técnica de la estrategia.

Las ciudadanas y ciudadanos podrán llevar a cabo un seguimiento de todas las actuaciones que se realicen a través de los canales de comunicación habilitados para ello (página web, facebook y twitter) y podrán asistir a las reuniones del GAU libremente actuando con voz pero sin voto."

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que na sesión plenaria de 25 de outubro de 2018 aprobouse polo pleno a composición do Grupo de Acción Urbana cunha duración temporal ata a finalización da Edusi Culleredovivo; que visto o informe feito polo xefe do gabinete técnico, ditaminado favorablemente na comisión informativa correspondente, e coa intención de que isto redunde nunha mellor planificación e nunha mellor xestión proponse ao pleno a aprobación da proposta presentada, procedendo a continuación á lectura da parte dispositiva da mesma.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que formar este organismo de participación é unha esixencia legal e só quere dicir que espera que funcione mellor que o anterior e que se poñan en funcionamento cuestións que ata agora non funcionaban porque a web culleredovivo.es está vacía de contidos, levando uns enlaces a outros, sen que se poidan presentar cuestións nin apareza unha relación dos proxectos presentados pero se segue facendo publicidade dela, pedindo que isto sirva para o motivo para o que foi creado que é dar participación cidadá e non para dar voltas nun sistema burocrático que só mira para o seu embigo e que cumpra mellor que no mandato anterior.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que en todas as auditorías que se fan o funcionamento da páxina é correcto.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que ao seu grupo tamén lle xorden infinidade de dúbidas acerca das funcións reais e operativas do funcionamento deste GAU, e que desde o mes de outubro de 2018 só se convocou unha reunión para a súa constitución e non houbo máis noticia sobre a estratexia CulleredoVivo, preguntando que utilidade real ten, cantas veces se vai convocar este órgano neste ano que empeza e no que xa remata; que o seu grupo solicitou o

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

expediente do Edusi e non se lles entregou e que a través da páxina web culleredovivo intentaron informarse de algo e nin na programaciòn viron un cronograma con accións específicas nin na xestión hai documentación algunha que aporte datos específicos para Culleredo, aparecendo na avaliación, nos indicadores, informes xenéricos de como poden ser pero nin se especifica que indicadores se van usar nin o seu seguemento nin o seu grao de cumprimento, descoñecendo as operacións aprobadas; que saben polos reparos de Intervención que hai unha empresa de Vigo, EOSA, que emitiu unha factura no 2016 por importe de 20.719 euros, sen contrato, e outra factura de febreiro de 2017, de 10.539 euros, na que si hai expediente de gasto, e xa desde xaneiro de 2018 aboáronse mensualmente, e sempre con reparos, 37.000 euros anuais en concepto de asistencia técnica, sendo ata o pasado mes o importe das facturas con esta empresa de 100.060 euros e so hai unha reunión e unha web que non funciona.

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e lle pregunta ao Sr. Alcalde se coñece os pregos rectores do contrato de asistencia técnica que ten asinados con EOSA e se sabe que nese contrato establécese que se elaborará alo menos un informe mensual onde se especificarán todas as tareas realizadas, se sabe que ten que haber actas asinadas e documentos probatorios do traballo realizado mensualmente, etc., se viu eses informes e esas actas e se lle pode facilitar esa información ao pleno e aos veciños, solicitando que poña a disposición de todos os grupos da oposición a información de traballo e as actas relacionadas con este programa desde 2016, solicitando tamén unha reunión coa empresa EOSA que é a que se lle está pagando con diñeiro público para a xestión do EDUSI para que informen da situación na que se atopa Culleredo neste tema.

Responde o Sr. Alcalde-Presidente e di que todos os meses teñen reunións con eles e os informes indican que todo está correcto e que non hai ningún problema en poñer a disposición da Corporación toda a documentación existente.

C.I.F. P-1503100-H

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, de data 22 de novembro de 2019, co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández,

Votos en contra: ningún

Abstencións: 9 (nove) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Verea, Prieto García. Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 22 de novembro de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSICIÓN SOBRE SUBSANACIÓN DE DEFECTO DETECTADO NA REMISIÓN DE PAPEL OFICIAL POLA XUNTA DE GALICIA.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da proposición da Alcaldía de data 25 de novembro de 2019 relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada proposición, que literalmente di:

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

"**PROPOSICIÓN AO PLENO MUNICIPAL**

Con motivo da elaboración dos Libros Oficiais da Corporación detectouse un defecto no envío do papel por parte da Dirección Xeral de Administración Local da Comunidade Autónoma, en concreto, a omisión do folio Serie A Nº 3745310.

Polo anterior, considerando o disposto nas disposicións adicionais segunda e terceira do Decreto 101/1983, do 14 de xullo, polo que se establecen as normas sobre libros de actas de acordos e resolucións das Corporacións Locais (aplicable ao caso de acordo co disposto na disposición transitoria única do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas).

PROPONSE ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Tomar coñecemento do defecto sinalado, consistente na omisión do folio Serie A Nº 3745310.

Segundo: Acordar a habilitación dun novo folio cos requisitos sinalados no Decreto 101/1983, do 14 de xullo, asignándolle o número do omitido, é dicir, o 3745310, feito que quedará acreditado por dilixencia que se estenderá no Libro Oficial de que se trate."

C.I.F. P-1503100-H

Ao non producirse intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposición da Alcaldía de data 25 de novembro de 2019 transcrita, co seguinte resultado:

Votos a favor: 15 (quince) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, García Gorostizu, Rico Verea e Prieto García.

Votos en contra: ningún

Abstencións: 6 (seis) dos sres/as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposición da Alcaldía de data 25 de novembro de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO ALTERNATIVA DOS VECIÑOS SOBRE CONSTRUCIÓN DUNHA PISCINA E XIMNASIO NOS TERREOS DE PROPIEDADE MUNICIPAL SITOS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE ALVEDRO E INCLUSIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE NO ORZAMENTO DO 2020.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político Alternativa dos Veciños de data 12 de novembro de 2019 relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

"Dª. Alicia Ferreiro Varela, voceira do Grupo Municipal ALTERNATIVA DOS VECIÑOS DE CULLEREDO presente o Pleno da Corporación Municipal, para a súa aprobación, a seguinte MOCIÓN:

"CONSTRUCIÓN DUNHA PISCINA E XIMNASIO NOS TERREOS DE PROPIEDADE MUNICIPAL SITOS NO POLIGONO INDUSTRIAL DE ALVEDRO".

EXPOSICION DE MOTIVOS

Na actualidade existe un compromiso de case todo os grupos da Corporación cos veciños/as, para a construción de piscinas no temo municipal que cubran a demanda existente deste servicio.

Alternativa dos Veciños de Culleredo sendo consecuentes co noso compromiso coa veciñanza, entendemos que xa estamos en condicións, sen mais demoras, de acometer este tipo de infraestruturas.

O Concello de Culleredo na actualidade conta coas Piscinas existente no Complexo Deportivo de Acea De Ama, propiedade da Xunta, que se ven cubre en parte a zona mais urbana do Concello como as Parroquias de Rutis, e do Burgo, dito Complexo dista moito de cubrir as necesidades deste servicio en todo o termo municipal.

A Parroquia de Almeiras o igual ca Parroquia de Culleredo, atopasen situadas a cabalo entre a zona urbana e a zona rural do Concello, unidas entre si polo Polígono Industrial de Alvedro sito na zona sur.

No referido Polígono contamos cunhos terreos de titularidade municipal nos que xa existen unhas pistas deportivas (pista de tenis, pista de baloncesto, xogos infantís ...etc.) e un parque a Veira do río Valiñas, sendo unha zona pola que ademais discorre un tramo do Camiño Inglés, que tal e coma se poido ter coñecemento pola prensa, o Goberno actual do Concello ten interese en pomelo en valor.

C.I.F. P-1503100-H

Dende Alternativa Dos Veciños de Culleredo consideramos que este enclave e o lugar mais axeitado para comezar a construción do que sería a primeira "Piscina e Ximnasio Municipal", dado que pola súa situación cubriría non só a zona mais urbana senón que tamén unha parte da zona rural.

Polo exposto, proponse o Pleno da Corporación Municipal adoptar o seguinte ACORDO

1º- Aprobar a construción dunha Piscina e Ximnasio Municipal nos terreos de propiedade municipal sitos no Polígono Industrial de Alvedro-Almeiras.

2º- Incluír o gasto correspondente para sufragar ditas infraestruturas nos Orzamentos que se aproben para o vindeiro ano."

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que ao seu grupo tamén lle parece que se debería dispoñer dunha piscina municipal e que están de acordo con que sexa canto antes porque hai tres clubes de natación cos que os membros do BNG falaron varias veces sobre esta cuestión, recordando que esta solicitude de que houbera unha piscina municipal cuberta foi introducida xa nos consellos de participación polos clubes de natación hai xa dous ou tres exercicios e aínda se está agardando sen que se fixera nin un estudo, unha proba máis de que os consellos de participación non están funcionando ben; que no seu momento, o anterior alcalde dixo que existía un estudo sobre a viabilidade da piscina alternativa e a posible contradición con que xa existe unha piscina da Xunta en canto á viabilidade pero nunca se presentou ese estudo chegando a dicir "a ver se o encontraba", supoñendo que segue sen aparecer; que sobre establecer xa un sitio concreto comenta que hai pouco viu na prensa a licitación dunha piscina en Arteixo por catro

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

millóns de euros, representando esta cantidade un investimento que considera non se pode decidir aquí e agora polo que anuncia que o seu grupo vaise abster a non ser que se faga o cambio que propón en relación a que se faga un estudo de viabilidade da ubicación dunha piscina polo que solicita se acepte esta emenda porque lles gustaría votar a favor desta moción.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que o equipo de goberno xa levou este tema no programa electoral porque cre que é necesario a construción dunha piscina municipal dado o importante servizo que ten feito ao Concello o complexo acuático que hai actualmente na Laboral e que agora parece que está quedando escaso e non dá suficiente cobertura a todas as demandas do servizo de piscina que se necesitan no Concello; que sen embargo considera que esta moción adolece por unha parte de que non se sabe cal é o investimento que conleva esta infraestrutura, que é importante e que xa se pode ver nun concello veciño que pode chegar a superar os 4 millóns de euros e, por outra parte, aínda que o equipo de goberno non quere dicir que a ubicación no polígono de Alvedro non sexa a idónea, si considera que se debe estudar a viabilidade e saber se esa é a ubicación correcta ou se puidera haber outra mellor, motivo polo que se está encargando un plan de viabilidade encamiñado a coñecer non só os custos desta nova infraestrutura senón tamén a ubicación idónea, polo que reiteran a solicitude feita polo voceiro do BNG sobre modificación do que se solicita nesta moción para poder apoiala desde o equipo de goberno.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que o seu grupo non ten problema ningún en retirar a parte da moción na que se fai alusión á súa ubicación porque para o seu grupo o que realmente importa é que nos orzamentos apareza reflexado ese compromiso e que, con respecto ao tema económico, efectivamente hai que facer unha valoración que lle corresponde aos funcionarios municipais e non ao goberno municipal, pois os funcionarios o son de todo o Concello e de todos os votantes, tanto dos que votaron ao equipo de goberno como dos que votaron aos membros da oposición.

C.I.F. P-1503100-H

Seguidamente fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que teñen que ver a viabilidade da piscina no emprazamento proposto ou noutro e que, aínda que o lugar proposto na moción lle parece un emprazamento extraordinario, do que se trata é de introducir no vindeiro presuposto o estudo de viabilidade porque despois deste estudo o primeiro paso é facer a licitación para a redacción do proxecto e saber se se vai facer desde o Concello ou a través dunha empresa privada que se poida facer cargo da propia piscina ou calquera outra posibilidade; que se aceptan esta moción quedaría condicionado o presuposto e non se podería facer porque faltaría o paso previo de aprobar o proxecto, non podendo condicionar o presuposto nunha cantidade que aínda non se coñece, podendo, no momento en que se saiba o importe da piscina, facer unha modificación dos presupostos se se considera conveniente, ou utilizar o superávit ou pedir axudas á Deputación que no primeiro trimestre do ano que vén vai facer achegas aos concellos.

A continuación solicita de novo o uso da palabra a voceira do grup político Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que o presuposto é unha previsión de gasto, do que se vai investir e do que se vai facer no seguinte ano e se esta proposta, ao igual que o resto das propostas que trae ao pleno Alternativa dos Veciños, non se pode meter porque non está, non entende en que vai consistir ese presuposto, preguntando se vai pasar o que xa veu pasando nalgunha ocasión de repetir unha e outra vez o que xa estaba de anos anteriores porque non se chegou a facer; que se di que as propostas que trae Alternativa a este pleno condicionan o presupuesto e que esa é precisamente a idea, que o presuposto quede condicionado con estas propostas que pide Alternativa dos Veciños e outras que puideran pedir outros grupos e non facer todo o que quere o equipo de goberno, que xa se sabe que conta con maoría absoluta, porque este grupo representa tamén a unha parte da veciñanza tan válida como a que representa o equipo de goberno, polo que retiran sin problema a ubicación en aras de que se faga o dito estudo de viabilidade pero non van retirar que se incorpore ao presuposto.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Rioboo Castro quen, unha vez concedido, di que tal como comentou non se pode poñer un importe porque non se sabe, debéndose facer un proxecto e despois unha modificación do presuposto ou algún outro medio; que eles representan a toda a veciñanza de Culleredo e non teñen problema en recoller calquera achega que se presente pero para introducir un investimento nominativo ten que estar o proxecto aprobado e contar con todos os informes favorables.

Solicita de novo o uso da palabra a Sra. Ferreiro Varela e lle pregunta ao Sr. Alcalde se o que está dicindo e que todo o que vai levar o próximo mes ao presuposto vai ir co proxecto feito e con todos os informes favorables.

Responde o Sr. Alcalde-Presidente dicindo que a Sra. Ferreiro Varela non lle entendeu ben pois o que el quixo dicir é que o que ten proxecto pode ir nominativo, con nomes e apelidos, no presuposto, pero que debe contar con todos os informes municipais favorables.

Solicita novamente o uso da palabra a voceira do grupo político Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela e, unha vez concedido, di que o que vén de dicir o Sr. Alcalde non é certo e que se acaba de ver no punto anterior, cando se falou do EDUSI, recolléndose EDUSI: para os centros sociais tanta cantidade, establecendo unha cantidade, e o ano anterior, a mesma cantidade; que ela entende que non se poida acabar a piscina no 2020 pero si se necesita facer un proxecto e comezar a ver a viabilidade porque se non non se vai facer, motivo polo que non pode retirar a moción e solicita se poña unha cantidade importante no próximo presuposto.

Responde o Sr. Alcalde-presidente dicindo que non pode poñer unha cantidade porque nin sequera se sabe se se vai financiar ao 100% con presuposto municipal ou se vai contar con outra financiación.

A continuación solicita novamente o uso da palabra a voceira do grupo político Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela e, unha vez concedido, di que acepta que se poña “Incluír o 50% correspondente para sufragar ditas infraestruturas”.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que iso non se pode facer e que se está a facer un estudo de viabilidade para contar nesta lexislatura coa dita piscina municipal cuberta, indicando que seguramente están en disposición de contar a finais da presente lexislatura con dúas piscinas municipais.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que lle gustaría matizar o que vén de dicir o Sr. Alcalde pois o goberno municipal debería aplicar o mesmo criterio para outras cuestións das que non se coñecen os proxectos ou que só coñece o equipo de goberno aproveitando para dicir que os proxectos non son para que o goberno municipal os use incluso como publicidade electoral e deberían someterse a coñecemento público no momento en que se coñezan para que os poida coñecer e opinar sobre eles toda a veciñanza; que entende que nesta cuestión se aplique este criterio porque efectivamente condicionaría o presuposto porque se trata dunha cantidade importante pero hai que ter en conta que outras partidas menores si se poderían aceptar como as propostas polo grupo político Alternativa dos Veciños nos puntos posteriores que supoñen menor investimento e se trata de cuestións como beirarrúas e outras das que hai antecedentes para poder facer unha estimación, polo que non só se poden poñer cousas nos presupostos cando se coñece o seu valor exacto senón que tamén se poden incluír cunha estimación.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde-Presidente e di que, en relación co comentado polo Sr. Chouciño sobre que non se aproban os presupostos, lembra que o grupo politico do BNG na anterior lexislatura sempre votou en contra dos presupostos e que se o Sr. Chouciño Garrido falara e se sentara a negociar probablemente se terían aprobado antes os presupostos.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo politico do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu grupo foi o único dos seis que había no mandato anterior que todos os anos entregou

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

propostas, unha lista exhaustiva de propostas recollidas da veciñanza e nunca se lles chamou para dicir se podían ir todas ou algunha ou ningunha, nin o Alcalde actual nin o anterior.

Responde o Sr. Alcalde que iso non é así

De seguido, con permiso da Presidencia, intervén a Señora Secretaria municipal e pregúntalle á Sra. Ferreiro Varela, voceira do grupo político Alternativa dos Veciños, se acepta a emenda proposta polo Sr. Chouciño Garrido que supón suprimir os parágrafos quinto e sexto da parte expositiva e modificar o punto primeiro da parte dispositiva quedando redactado da seguinte forma:

"1º.- Aprobar a construción dunha Piscina e Ximnasio Municipal"

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a súa emenda ía referida a que se fixera un estudo de vialibilidade para poder determinar a ubicación idónea da piscina.

Intervén a continuación a Sra. Ferreiro Varela e di que desta forma a moción que presentou se pode conservar.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político Alternativa dos Veciños de data 12 de novembro de 2019, sen modificación ningunha, co seguinte resultado:

Votos a favor: 3 (tres) dos sres/as: Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández,

Abstencións: 6 (seis) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Verea, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera e Méndez Mosquera,

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a moción do grupo político Alternativa dos Veciños de data 12 de novembro de 2019.

5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO ALTERNATIVA DOS VECIÑOS SOBRE CONSTRUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA VICENTE RISCO (PARROQUIA DE RUTIS) ENTRE A AVENIDA DE VILABOA (N-550) E O COLEXIO SOFÍA CASANOVA, E INCLUSIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE NO ORZAMENTO DO 2020.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político Alternativa dos Veciños de data 12 de novembro de 2019 relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"Dª. Alicia Ferreiro Varela, voceira do Grupo Municipal ALTERNATIVA DOS VECIÑOS DE CULLEREDO presenta o Pleno da Corporación Municipal, para a súa aprobación, a seguinte MOCIÓN:

C.I.F. P-1503100-H

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

"CONSTRUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA VICENTE RISCO (Parroquia de Rutis) ENTRE A AVENIDA DE VILABOA (N-550) E O COLEXIO SOFÍA CASANOVA".

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fai pouco tempo saíu publicado na prensa que o Goberno Municipal tiña previsto humanizar, entre outras, a rúa Vicente Risco, concretándose nos referidos medios que as actuacións que tiña previsto realizar o Goberno Municipal contemplaban o arranxo e reparación das beirarrúas.

Alternativa dos Veciños de Culleredo estándo de acordo con estas actuacións, quere destacar que na citada rúa existe un tramo sen beirarrúa xustamente na súa zona mais angosta que é a que linda coa AP-9 e ca parte traseira dos soares con acceso pola rúa Calzada ata o Colexio Sofía Casanova.

Existe nese tramo un estreitamento perigoso para os vehículos que o percorren diariamente e que nas horas de entrada e saída do Colexio soe ser moi abundante con nenos dentro, e mesmo para os veciños/as que levan e recollen os nenos a pe, e para os peons en xeral.

Polo exposto, proponse o Pleno da Corporación Municipal adoptar o seguinte ACORDO

1º- Construción das beirarrúas na Rúa Vicente Risco (Parroquia de Rutis) entre a Avenida de Vilaboa (N-550) e o Colexio Sofía Casanova.

2º- Incluír o gasto correspondente para sufragar ditas infraestruturas nos Orzamentos que se aproben para o vindeiro ano."

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que o equipo de goberno é consciente da problemática de seguridade existente na rúa Vicente Risco e se está estudando a posibilidade de levar a cabo todas as accións necesarias a construción desas beirarrúas e que haxa un tramo de seguridade entre a N-550 e o colexio Sofía Casanova pero os técnicos municipais indican que xusto pola rúa Vicente Risco non sería o sitio máis axeitado pois implicaría facer unha serie de expropiacións e que consideran máis adecuado utilizar a rúa paralela, a rúa Calzada, para unir o tramo da N-550 e o colexio Sofía Casanova dunha forma segura.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Alternativa dos Veciños e di que ela entende que quedaría o mesmo embudo pois a zona non se modifica.

Responde o Sr. Taibo Monelos e di que quedaría unha zona segura para os peóns

A continuación solicita o uso da palabra a Sra. Ferreiro Varela e di que o obxecto da moción é que hai un estreitamento que precisa corrección e que se necesitan tamén beirarrúas porque esa zona é perigosa tamén para os automóviles, considerando positivo establecer a zona peonil que indica o voceiro socialista, pero o embudo, o atasco, prodúcese nun cachiño de nada que ela entende suporía unha única expropiación.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde-Presidente e di que se volve a estar no mesmo caso do punto anterior pois é necesario a expropiación, facer o proxecto e solicitar os informes técnicos necesarios; que están de acordo en que hai que mellorar a seguridade vial nese tramo pero non poden comprometer este gasto porque non se sabe o seu importe.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

A continuación solicita o uso da palabra a Sra. Ferreiro Varela e di que unha vez máis ocorre que como a oposición non ten aos técnicos municipais traballando para ela e non presenta a proposta cuantificada non se vai aceptar e de novo o equipo de goberno sacará os proxectos que ten gardados, intentando anular a participación da oposición, mantendo ela a moción tal cual se presentou.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político Alternativa dos Veciños de data 12 de novembro de 2019 co seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (nove) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Verea, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández,

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a moción do grupo político Alternativa dos Veciños de data 12 de novembro de 2019.

C.I.F. P-1503100-H

6.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO ALTERNATIVA DOS VECIÑOS SOBRE ARRANXO DO LOCAL EXISTENTE (QUIOSCO) NO PARQUE DA SENRA, NA PARROQUIA DE RUTIS – VILABOA, E POSTA EN FUNCIONAMIENTO, E INCLUSIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE NO ORZAMENTO DO 2020.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político Alternativa dos Veciños de data 12 de novembro de 2019 relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"Dª. Alicia Ferreiro Varela, voceira do Grupo Municipal ALTERNATIVA DOS VECIÑOS DE CULLEREDO presenta o Pleno da Corporación Municipal, para a súa aprobación, a seguinte MOCIÓN:

"ARRANXO DO LOCAL EXISTENTE (QUIOSCO) NO PARQUE DA SENRA, NA PARROQUIA DE RUTIS-VILABOA, E POSTA EN FUNCIONAMENTO".

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Alternativa dos Veciños de Culleredo tivo coñecemento pola prensa, medio habitual de comunicación deste Goberno Local, da súa intención de arranxar o Parque da Senra sito na Parroquia de Rutis-Vilaboa, demanda que xa fixemos dende Alternativa dos Veciños de Culleredo o comezo da pasada lexislatura, en concreto o 18 de novembro de 2015, para que dita actuación fose incluída no Plan de Obras e Servicios da Deputación (POS)

Din que mais vale tarde ca nunca, algo que lamentamos polos veciños/as que poderían desfrutar a diario destas instalacións que están abandonadas pola falla da súa contratación, cunha situación privilexiada no pleno centro urbano da Parroquia de Rutis, ó carón da zona de xogos infantís que presuntamente este Goberno vai a acometer a

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

súa reforma dado o estado lamentable no que se atopa, incluso se podería dicir carente dos estándares de seguridade esixibles para un funcionamento normal polos mais cativos.

De calquera xeito esperando que dito parque infantil sexa arranxado canto antes o abeiro do compromiso público realizado polo actual Goberno, o caso que nos ocupa non é ese, senón o arranxo e posta en funcionamento do local (quiosco) existente en dito parque e que leva anos pechado.

Sabemos que o local en cuestión, café-bar (quiosco) saía a concurso, pero os últimos adxudicatarios renunciaron a el por mor das obras que tiñan que acometer para poñelo en funcionamento.

Alternativa dos Veciños de Culleredo somos coñecedores da importancia que ten para os veciños/as da zona que este servicio funcione como complemento das instalación alí existentes polo que demandamos a súa reforma e adecuación para a súa posterior posta en funcionamento.

Polo exposto, proponse o Pleno da Corporación Municipal adoptar o seguinte ACORDO

1º- Arranxo local existente no Parque da Senra na Parroquia de Rutis-Vilaboa, e posta en funcionamento do mesmo mediante a súa licitación ou concurso.

2º- Incluír o gasto correspondente para sufragar ditas infraestruturas nos Orzamentos que se aproben para o vindeiro ano.“

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que anuncia o voto a favor do seu grupo pero quere recordar que o dito quiosco estivo xestionado a través dunha concesión e supón que aprobar no pleno unha partida para arranxalo non implica dar por consolidadas perdas porque se supón que o concesionario o deixou no estado no que o atopou e caso contrario habería que reclamarlle o deterioro como noutras concesións como por exemplo na Garrocha que a día de hoxe non se sabe a canto ascenden as perdas; que non obstante o seu grupo vai votar a favor porque lle parece oportuno arranxar este quiosco e asignar unha partida no orzamento porque aínda que non se poida concretar co proxecto iso non o compromete como indicou anteriormente o Sr. Alcalde pois, tal como se fixo noutras veces, se non se acerta na partida exactamente, pódese proceder a un suplemento, unha ampliación, ou calquera outra forma para completala se fora necesario.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que respecto desta praza o equipo de goberno ten pensado facer unha reforma integral para facela moito máis operativa e moito máis axeitada; que con respecto ao local coñecido como “quiosco” pasou por varios concesionarios con máis ou menos sorte, acabando os últimos concesionarios abandoando a explotación do negocio, entendendo o equipo de goberno que igual sería bo estudar a posibilidade de darlle outros novos usos a esta explotación pois nos anos 80 estilábase moito que cando se construía unha praza pública se instalaba a través dunha concesión unha cafetería pero hoxe en día xa hai bastantes cafeterías na zona que prestan ese servizo e o goberno municipal está estudando a posibilidade de darlle outro uso como podería ser unha oficina de turismo ou algún outro servizo que entre dentro dos que se entende debe promover a Administración.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político Alternativa dos Veciños de data 12 de novembro de 2019 co seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (nove) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Verea, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

Votos en contra: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a moción do grupo político Alternativa dos Veciños de data 12 de novembro de 2019.

7.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO ALTERNATIVA DOS VECIÑOS SOBRE RECONSTRUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA N-550 NO NÚCLEO DE ALVEDRO E ARRANXO E HUMANIZACIÓN DE TODO O SEU ENTORNO E INCLUSIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE NO ORZAMENTO DO 2020.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político Alternativa dos Veciños de data 12 de novembro de 2019 relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

C.I.F. P-1503100-H

"Dª. Alicia FerreiroVarela, voceira do Grupo Municipal ALTERNATIVA DOS VECIÑOS DE CULLEREDO presenta o Pleno da Corporación Municipal, para a súa aprobación, a seguinte MOCIÓN:

"RECONSTRUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA N-550 NO NÚCLEO DE ALVEDRO E ARRANXO E HUMANIZACIÓN DE TODO O SEU ENTORNO".

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Lugar de Alvedro, na Parroquia de Almeiras conta dende fai anos con beirarrúas a sendas marxes da N-550, estrada propiedade do antigo MOPU-FOMENTO etc.

Descoñecemos a data na que foron feitas as referidas beirarrúas, de coma se levou a cabo a súa xestión e construción, pero o certo é que os viandantes, (veciños/as) que transitan a diario polas mesmas, sobre todo pola marxe esquerda dirección Santiago de Compostela, se lles esixe un control da súa propia deambulación en aras da evitación de danos ou lesións que, en todo caso e, para este Grupo Municipal ten que asumir a Administración Municipal.

Alternativa dos Veciños de Culleredo coñecedores desta problemática e da gravidade da situación, agudizada pola existencia dunha parada de autobuses e de locais, queremos denunciar estes feitos solicitando que se poñan os medios necesarios para solucionala e que polo Goberno local se asuma as atribucións e responsabilidades que lle son propias, de tal forma que as persoas usuarias poidan transitar polas mesmas en condicións de seguridade.

O Concello ata fai pouco tiña problemas para acometer sobre estas beirarrúas dado que a estrada N-550 non era da súa competencia. A día de hoxe esta situación mudou debido o traspaso da mencionada estrada o Concello de Culleredo, sendo polo tanto este a quen corresponde a competencia e a responsabilidade relacionada coa seguridade dos peóns.

Polo exposto, proponse o Pleno da Corporación Municipal adoptar o seguinte ACORDO

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

1º- Reconstrución das beirarrúas existentes na N-550 ao seu paso polo núcleo de Alvedro na Parroquia de Almeiras, e consecuentemente arranxo do seu entorno.

2º- Incluír o gasto correspondente para sufragar ditas infraestruturas nor Orzamentos que se aproben para o vindeiro ano."

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que o equipo de goberno está de acordo en que se dote de beirarrúas ese tramo pero que nunha das liñas estratéxicas do EDUSI xa están incorporadas pois desde a rotonda do polígono de Alvedro hai unha primeira fase que vai ata a rotonda do ILS e outra fase que vai desde Vilaboa ata a rotonda do ILS; que se se incorpora esta petición ao orzamento o que fai é condicionar o mesmo que quedaría condicionado doblemente pois xa está incorporado no EDUSI, endendendo deste xeito que non se debe incorporar de maneira autónoma pois xa está na dita liña estratéxica.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que entende que se está contemplado dentro do EDUSI farase no ano 2020 ou do contrario, solicita se lle diga en que ano ten pensado executarse.

Responde o Sr. Alcalde-Presidente e di que está contemplado que se faga antes de que caduque o EDUSI e que antes hai que facer un proxecto de expropiación algo engorroso.

Solicita de novo o uso da palabra a voceira do grupo político Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que desta forma non quedaría garantido que se fora facer no 2020.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que a vontade do equipo de goberno é que se faga no 2020.

Solicita de novo o uso da palabra a voceira do grupo político Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que ela non dubida da vontade do goberno municipal pero que, dado que nos orzamentos se repite unha e outra vez o termo EDUSI, pide se lle diga se dentro do EDUSI se vai facer algo no 2020 relacionado coas beirarrúas de Alvedro.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que, dentro do EDUSI, dentro da liña estratéxica de unir polígonos industriais con zonas urbanas, se as expropiacións van ben e o proxecto é viable, a idea é facer esta infraestrutura co presuposto do 2020; que o equipo de goberno está de acordo coa moción e con todas as outras que nesta sesión presentou o grupo político Alternativa dos Veciños pero hai matizacións técnicas que lle impiden votar a favor delas; que son accións que xa o equipo de goberno tiña contemplado pero neste momento estes investimentos condicionarían o presuposto.

Solicita de novo o uso da palabra a voceira do grupo político Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que o seu grupo retiraría a moción presentada neste punto se houbera un compromiso municipal de contemplar no orzamento do 2020, dentro do EDUSI, o gasto correspondente a esta infraestrutura.

Responde afirmativamente o Sr. Alcalde-presidente e a Sra. Ferreiro Varela, en consecuencia, di que o seu grupo retira a moción presentada neste punto.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

8.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO BNG SOBRE INICIO DA LICITACIÓN DA XESTIÓN DA AUGA POTABLE.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do BNG de data 22 de novembro de 2019, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"Enrique Antón Chouciño Garrido, concelleiro e voceiro municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta para o seu debate en Pleno a seguinte

Proposta de inicio da licitación da xestión da auga potable

No mandato anterior quedaron redactados e aprobados polo Pleno da Corporación os pregos de contratación para poder iniciar a licitación da Xestión da auga potable no noso Concello.

Non foi fácil, hai que lembrar que a primeira proposta era para unha licitación de 15 anos, despois baixou a 8 e finalmente o texto aprobado recollía un prazo de xestión de 5 anos. Malia ás discrepancias que amosamos desde o BNG no debate da elaboración, son os pregos que prosperaron e levan anos redactados.

C.I.F. P-1503100-H

Hai que lembrar que a xestión da auga potable en Culleredo leva desde xuño de 2014 en precario, despois de que se aprobara polo Pleno unha prórroga dun ano que foi declarada no informe da Secretaria para aquel trámite como ilegal por terse esgotados todos os prazos de prórroga á empresa adxudicataria desde o ano 1989, ate sumar un total de 25 anos. A lexislación sobre contratación, adaptada ás directivas europeas, prohibe desde hai tempo contratos desa duración.

Levamos pois máis de 5 anos con unha xestión dun recurso estratéxico e básico como é o subministro de auga potable.

Descoñecemos hoxe en día as obrigas e dereitos da empresa que nos cobra os recibos.

Lembremos que os pregos de contratación recollían unha poxa para pagar un canon ao Concello, por xestionar a auga nos 5 anos da adxudicación de 50.000€. É a cantidade que como mínimo levamos perdida nestes 5 anos e é a cantidade que a empresa que o xestiona irregularmente se embolsou á conta do pago dos recibos de toda a veciñanza.

Por se fora pouco. A calidade da auga é deficiente en non poucas ocasións. O último acontecemento foi a semana pasada, onde os avisos tradicionais nos portais das vivendas cando hai previsión de episodios anomalías no subministro, se viron suprimidos e a información quedou limitada á prensa e redes sociais.

Así pois, **propoñemos ao Pleno da Corporación** para a súa deliberación e se procede Acordo:

Que se inicie e impulse o expediente de tramitación da licitación da xestión da auga potable de Culleredo."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que desde o Partido Popular están totalmente de acordo co contido desta moción do BNG; que o día

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

18 deste mes solicitaron a través do Rexistro municipal o expediente dos contratos e obrigas da empresa contratada para este servizo sen que ata o momento recibiran resposta algunha, procedendo o 15 de novembro, debido ás continuas queixas dos veciños sobre todo de Vilaboa e A Corveira polos continuos episodios de turbidez e cor da auga que chega ás súas casas e a preocupación pola potabilidade desa auga subministrada, a solicitar ao departamento de Saúde Pública analíticas de potabilidade nos puntos nos que os problemas son máis frecuentes, estando neste momento á espera dos resultados; que na analítica do 5 de novembro se pode ver que a auga non ten contaminación microbiolóxica pero de todos é sabido que para que a auga sexa potable debe ter unhas condicións organolépticas e ser incolora, inodora e insípida; que varios veciños da zona de Vilaboa, tanto da parte de arriba como da parte de abaixo, achegaron mostras da auga que sae nas súas casas e amosa unhas botellas con líquido que di ser auga; di que se pode ver que a auga non é transparente pois aparecen posos nela, non é incolora, pois presenta unha cor amarelo-anaranxado que indica a presenza de ferro ou manganeso, é inodora, pois non ole a nada, e non se sabe se é insípida pois ningún veciño se atreve a beber a auga que sae do seu grifo nin a cociñar con ela, invitando ao Sr. Alcalde a beber desa auga e dicir se é ou non insípida.

Continúa a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que o Concello está obrigado a que a auga que sae dos grifos dos veciños cumpra os requisitos de ser incolora, inodora e insípida, non sabendo que vai facer o Concello para garantirlle aos veciños que a auga que saia dos grifos das súas casas cumpra estes requisitos e estea en condicións óptimas de consumo.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde-Presidente e di que el a bebería se vira á Sra. García Gorostizu sacala do grifo.

Solicita de novo o uso da palabra a Sra. García Gorostizu e di que ela non a sacou do grifo pois foron os veciños os que lla achegaron pero dubida de que o Sr. Alcalde bebese ou lles dera a beber aos seus fillos desa auga.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que unha cousa son os episodios de turbidez que ás veces hai na auga potable, tanto neste concello coma noutros, e outra o que hoxe se trae ao pleno que é a licitación e contratación do servizo de auga potable do Concello de Culleredo, coincidindo co grupo político do BNG en que certamente é necesario abordar este procedemento de contratación e informando de que o que se fixo foi contratar unha asistencia técnica, pedíndolle que non só prepare os pregos para estudar a posibilidade dunha xestión indirecta a través dunha concesión administrativa senón que estude as diversas formas de xestión, tanto directa como indirecta, que permite a contratación administrativa, podendo incluso a través dunha empresa pública do Concello de Culleredo municipalizar o servizo da auga; que están de acordo con esta moción sempre que se faga unha pequena emenda no senso de que se impulse ou inicie o expediente de tramitación da licitación da xestión da auga potable de Culleredo calquera que sexa a fórmula de xestión, directa ou indirecta, porque se está a expensas de que se diga polos servizos técnicos desa asistencia e desa consultoría se se vai a través dunha concesión administrativa ou se se fai a través doutros sistema como podería ser por exemplo unha xestión directa a través dunha empresa pública que xestionara o servizo da auga dos veciños e veciñas de Culleredo.

Seguidamente solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o grupo socialista, no mandato anterior, aprobou uns pregos de condicións para levar a cabo esta contratación, que levaba xa anos de retraso; que nos pregos de Contratación se dicía que o volume de facturación estimado era de 1.200.000 euros ao ano, unha cantidade que poñen en mans dunha empresa que non ten contrato; que é certo que existen outros modelos de contratación e xa se intentou no mandato anterior dicindo que se o equipo de goberno contara naquel momento o que hoxe di contaría co apoio do BNG, pois este grupo está de acordo con municipalizar o servizo, pero agora que levan anos xa os pregos de contratación redactados sen que o goberno municipal os someta a licitación non serve vir e dicir que se vai xestionar directamente; que con respecto a que é unha cuestión puntual que saia a auga sucia, e aínda admitindo que haxa problemas estruturais que ocasionen que haxa momentos puntuais de turbidez, hai que recordar que no mandato anterior o BNG fixo unha

C.I.F. P-1503100-H

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

proposta para modificar a ordenanza fiscal da taxa da auga na que se incluían bonificacións para aqueles días nos que a agua fora de calidade insuficiente, o cal parece lóxico e xusto, pero non prosperou e mentres tanto alguén está aforrando o canon que estaba establecido nos pregos de contratación, ingresos que se estarían ingresando nas arcas municipais e que non se están ingresando; que considera que a moción ten que prosperar tal como está e do contrario terán que dar explicacións de por que non o queren facer pois non é aceptable que un volume de facturación de tal calibre, un recurso estratéxico básico, de primeira necesidade, polo que se están cobrando recibos todos os meses, xerándose incluso dúbidas sobre a xestión dos datos que ten esta empresa que non conta con contrato para a xestión da auga potable; que recentemente o equipo de goberno dixo que un dos últimos episodios de turbidez tiña a súa causa nas obras que Emalcsa estaba a facer na zona pero hai que lembrar que o responsable de que a auga saia dos grifos nas condicións óptimas é do goberno municipal que é quen decide tela xestionada de forma externalizada e en condicións precarias e é o responsable último desta cuestión, pedindo o voto a favor da súa moción e que se impulse porque además o que o goberno municipal propón sempre se está a tempo de facer cando se conte co estudo técnico indicado.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde-Presidente e di que o seu grupo vai votar a favor da moción porque nela tampouco se especifica o modelo de xestión pero que á cidadanía hai que contarlle á verdade do que ocurre porque unha cousa é a xestión da auga en baixa, que xa o explicou moitas veces lle corresponde a Gestagua, e outra cousa é a xestión da auga en alta, correspondéndolle neste caso á Empresa Municipal de Augas da Coruña, indicando además con respecto á calidade da auga que o Concello de Culleredo lle compra auga á cidade da Coruña, á Emalcsa, que é a responsable de que a auga sexa completamente potable, constándolle que se en España hai unha empresa solvente e xa recoñecido das mellores no tratamento da auga esa é Emalcsa; que agora do que se trata básicamente é de mellorar a rede de abastecemento de auga propia do Concello de Culleredo e a construción dun depósito de auga para dar servizo en alta a todos os veciños non só de Culleredo senón tamén de Cambre, de Oleiros, da Coruña, pois cando chega a auga turbia a Vilaboa tamén chega a todos estes concellos e débeuse a dous casos moi puntuais como foron a subida ou baixada de presión da central potabilizadora ou un corte de subministro eléctrico moi grave que sufriron na planta potabilizadora, e noutra ocasión foi porque houbo máis cortes debido a que houbo que conexionar as tuberías principais co depósito principal de Alvedro; que para eliminar estes problemas de turbidez hai que facer dúas fases, sendo a primeira a de modificar e cambiar as tuberías en alta, esixencia que se fai non só desde Culleredo senón desde todos os concellos da área metropolitana aos que Emalcsa lles subministra auga, solicitando que parte do investimento necesario proveña dos beneficios que se obteñen por dita empresa pública e se destinen a cambiar as tubaxes pois algunhas delas están un tanto obsoletas e de aí proceden algunhas das averías que se manifestan; que Culleredo é quen maís sofre o mal estado destas tuberías porque a maioría pasan por este Concello e que a vontade do equipo municipal é coñecer cales son os mellores modelos de xestión, non pechándose a ningún modelo porque seguramente dentro de non moito tempo se estea xestionando a auga a través dunha empresa pública non nun concello senón en dous ou tres concellos da área metropolitana xunto coa mellor, a Empresa Municipal de Augas da Coruña, pero garantindo que o ano 2020 é o ano no que hai que licitar o servizo, sexa nun sentido ou noutro.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que está de acordo con que ultimamente os problemas de turbidez agraváronse pero que ten constancia de queixas dos veciños por problemas de turbidez desde o ano 2017; que ela non é técnica nin entende disto pero aplicando un pouco de lóxica e falando con algúns veciños e algúns técnicos, interésase polo tempo que fai que, por exemplo, non se limpa o depósito da Corveira.

Responde o Sr. Alcalde-Presidente e di que non hai moito tempo que se limpou e que agora se vai mellorar ese depósito, repetindo que os episodios de turbidez que hai en todo o Concello son motivados porque na cidade da Coruña a Empresa municipal de Augas da Coruña non tiña un depósito cabeceira no que acumular toda a auga e que cando Culleredo conte cun depósito cabeceira como o que se vai construír na parroquia de Almeiras vanse acabar moitos dos problemas que se están a producir pois ata agora cando hai avisos dunha avería que pode

C.I.F. P-1503100-H

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

afectar á auga do Concello hai que encher todos os depósitos e cando se conte cun depósito de gran caudal van mellorar moito tanto os traballos de limpeza como os de mantemento sen que afecte á calidade da auga dos veciños.

A continuación solicita de novo o uso da palabra a Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, dille ao Sr. Alcalde que se imaxine por exemplo o depósito da Corveira pois según din os veciños parece ser que cando hai máis demanda de auga, como o fin de semana, é cando xurden eses problemas de turbidez parecendo que cando o depósito se vacía e se volve encher caendo a auga con moita presión remove os posos de ferro e manganeso e polas mañás aparecen os episodios de turbidez descritos.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que como xa dixo anteriormente eses episodios de turbidez só se dan cando se produce unha subida ou unha baixada na presión da auga e que cando hai unha avería o depósito vacíase e canto máis tempo se tire dos depósitos cabeceira máis posibilidades hai de que a auga saia turbia.

"Enrique Antón Chouciño Garrido, concelleiro e voceiro municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, e facendo súa a petición promovida polas Asembleas de Áreas Sanitarias da Coruña, presenta para o seu debate no próximo Pleno ordinario de 28 de Novembro a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O persoal médico da especialidade de Familia e Pediatras, leva case un ano de conflito. Non hai motivos salariais nin corporativos. As mobilizacións fanse buscando calidade e satisfacción no traballo. Na consulta atenden persoas, con toda a súa complexidade, e precisan tempo e unha atención de maior calidade que a actual. Esta situación levou a que, na defensa dos nosos centros de saúde, e en defensa da sanidade pública se establecera unha táboa reivindicativa e de mobilizacións:

1. Xerencia de Atención Primaria. Recuperar a estrutura de xestión de atención primaria en 3 meses.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

2. Tempo para atención ó paciente: limitación de 30 citas por día.

3. Estabilidade e non precariedade: oferta e convocatoria de “todas” as vacantes de “todas” as categorías mediante OPE.

4. Cobertura do 100% das ausencias de “todas” as categorías.

5. Orzamento específico e propio de Atención Primaria ata acadar o 25%, a razón dun incremento mínimo anual de 3 puntos porcentuais.

6. Atención Homoxénea en todas as áreas sanitarias:

   a. Garantir a derivación de presenza física a todos os servizos hospitalarios.

   b. Teleconsulta en todos os servizos hospitalarios e resposta en menos de 7 días.

   c. Acceso a todas as probas diagnósticas.

O conflito continúa e hai outra folga pola insistencia da Consellería nas mesmas políticas a pesar do seu fracaso. A realidade non cambiou este ano, máis ben empeorou. A sobrecarga diaria, a falta de tempo para ver aos pacientes, a falta de inversión en atención primaria, a precariedade laboral e a perda de médicas xoves segue pasando. Non podemos aceptalo.

C.I.F. P-1503100-H

A resposta da Consellería a foi a posta en marcha de comisións e a elaboración de documentos que deseñan a atención primaria do futuro. Pero de que futuro falamos?

As concrecións da Consellería, os orzamentos para 2020 e o decreto de cambio da estrutura de xestión, foron unha grande decepción e indican que non pensan cambiar:

– Nos orzamentos practicamente non varía xa que pasamos do 12,17% en atención primaria no 2019, do total do orzamento da Xerencia de A Coruña-Cee, ao 12,76%, cando a literatura científica recomenda un 25% para que o sistema sanitario sexa eficiente e equitativo.

– No novo decreto de estrutura de xestión non hai cambios máis que de nome, pero non de contido nin funcións.

Por estes motivos mantense o conflito, e convócase nova folga e chamase á poboación e aos seus representantes políticos a que participe nas mobilizacións na defensa dos centros de saúde.

Por todo o anterior, Solicítase da Corporación o apoio ás mobilizacións en atención primaria

1. O 27 e 28 de novembro os médicos de familia e pediatras galegos estamos convocados a unha folga.

2. Mobilizacións locais neses días. Na Coruña vaise convocar

   a. unha concentración cidadá o mércores 27 ás 8 da tarde

   b. unha concentración diante do centro de saúde do Ventorrillo o 28 ás 12 da mañá.”

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG de data 27 de novembro de 2019 co seguinte resultado:

Votos a favor: 18 (dezaoito) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: ningún

Abstencións: 3 (tres) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Verea e Prieto García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo político do BNG de data 27 de novembro de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

11.2.- A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que desexa someter á consideración do Pleno dúas mocións do seu grupo e xustifica a urxencia destas porque o seu grupo as quere incluír nos orzamentos do 2020 que se están a elaborar no Concello.

Sometida a votación a declaración de urxencia das mocións e a procedencia do debate, resulta aprobada por unanimidade.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido a Presidencia somete a debate a primeira moción do grupo político popular, de data 28 de novembro de 2019, relativa á solicitude da mellora integral no mantemento da zona de Castro-Laxe, que transcrita literalmente di:

"MOCION QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR DE CULLEREDO SOLICITANDO UNA MEJORA INTEGRAL EN EL MANTENIMIENTO DE LA ZONA DE CASTRO-LAXE CON CARGO A LOS PRESUPUESTOS DEL 2020

El Grupo Municipal Popular de Culleredo, conforme a lo previsto en el artículo 97 Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La urbanización vial e sel conjunto de obras relacionadas a la construcción, reparación, mantenimiento y conservación de caminos, carreteras y calles tanto a nivel urbano como rural, diseñadas para la ampliación y mejora de la capacidad instalada de la infraestructura vial de un municipio.

Corresponde a los responsables públicos, proponer y ejecutar medidas relacionadas con la viabilidad urbana y rural, con la finalidad de resolver los problemas de la población y de encontrar un equilibrio entre la lógica urbanizadora y la conservación del medio ambiente en el objeto de contribuir al desarrollo económico y social del municipio y de mejorar el nivel de vida de sus habitantes en aras a:

- Contribuir a la construcción y mantenimiento de caminos vecinales y cualquier otra vía municipal.
- La construcción y mantenimiento de sistemas de drenaje pluvial.
- Construcción y mantenimiento de calles y aceras de titularidad municipal.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Después de una reunión con vecinos de la zona de Castro-Laxe y comprobando de primera mano el estado de abandono en el que se encuentra la parroquia: maleza, falta de aceras, asfaltado, imposibilidad de recogida de aguas pluviales... y la falta de previsión y planificación del equipo de gobierno que no ha tomado medidas antes de que empezara la temporada de lluvias que en la zona son abundantes,

Por estas razones y haciendo un llamamiento a todos los representantes públicos de esta corporación y a su sentido del deber y la responsabilidad, el Grupo Municipal Popular insta al Pleno de la Corporación, la adopción de los siguientes:

ACUERDOS

para efectuar con cargo a los Presupuestos del 2020

1.- Asfaltar de manera integral de la rúa Laxe.

2.- Limpiar las cunetas y los márgenes de la RUA LAXE que une Vilaboa con la Zapateira con el objetivo de eliminar la presencia de maleza y matorrales que dificultan la visibilidad y el correcto drenaje de la carretera aumentando la seguridad vial y evitando que el agua llegue a las fincas de los vecinos y las inunde.

3.- Instar a los propietarios de las fincas que no están mantenidas a que las limpien y cumplan con las ordenanzas municipales.

4.- Construcción de aceras en los distintos puntos en los que no existen para un mínimo de seguridad vial de las personas que van a pie.”

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo política popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que pensa que a moción ten o mesmo problema que tiñan as presentadas polo grupo político Alternativa dos Veciños pois se se solicita que se realice con cargo aos orzamentos do 2020 vai condicionar o presuposto e que además o equipo de goberno non está de acordo coa exposición de motivos pois fala dunha falta de previsión do equipo de goberno que cre non se produce.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente e di que a moción podería aceptarse se se concreta nunha petición de que ao longo do ano 2020 se realice unha mellora integral no mantemento da zona de Castro-Laxe pois o equipo de goberno xa ten unha estimación do que pode custar o arranxo da estrada que se vai facer ata Rialta e se van urbanizar certas zonas de Castro e Laxe polo que podería aprobarse sempre e cando se eliminara tamén o primeiro parágrafo da parte expositiva.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que previsión non houbo pois ela estivo alí e puido comprobar como está todo cheo de maleza e discurre a agua pola estrada como un río.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde-Presidente e di que hai que ter en conta a cantidade de metros cúbicos de auga que se recolleron nalgún momento.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que non hai problema en retirar a exposición de motivos.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político popular de data 28 de novembro de 2019 coa modificación acordada resultando aprobada por unanimidade polo que devén en acordo nos seguintes termos:

"MOCION QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR DE CULLEREDO SOLICITANDO UNA MEJORA INTEGRAL EN EL MANTENIMIENTO DE LA ZONA DE CASTRO-LAXE CON CARGO A LOS PRESUPUESTOS DEL 2020

El Grupo Municipal Popular de Culleredo, conforme a lo previsto en el artículo 97 Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente MOCIÓN:

el Grupo Municipal Popular insta al Pleno de la Corporación, la adopción de los siguientes:

ACUERDOS

para efectuar con cargo a los Presupuestos del 2020

1.- Asfaltar de manera integral de la rúa Laxe.
2.- Limpiar las cunetas y los márgenes de la RUA LAXE que une Vilaboa con la Zapateira con el objetivo de eliminar la presencia de maleza y matorrales que dificultan la visibilidad y el correcto drenaje de la carretera aumentando la seguridad vial y evitando que el agua llegue a las fincas de los vecinos y las inunde.
3.- Instar a los propietarios de las fincas que no están mantenidas a que las limpien y cumplan con las ordenanzas municipales.
4.- Construcción de aceras en los distintos puntos en los que no existen para un mínimo de seguridad vial de las personas que van a pie."

11.3. De seguido a Presidencia dá conta da segunda moción do grupo político popular, de data 28 de novembro de 2019, relativa á solicitude de convocatoria de becas para actividades extraescolares, deportes, idiomas y música con cargo a los presupuestos del 2020.

Solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o motivo da urxencia é o mesmo que o da moción anterior, sendo este que o seu grupo as quere incluír nos orzamentos do 2020 que se están a elaborar no Concello.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente e, dirixíndose á voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu, di que que para atender esta moción é necesario facer un regulamento e que o goberno municipal xa se atopa traballando sobre isto; que se vai dotar presupostariamente unha cantidade para estas cuestións, polo que solicita ao grupo político popular que deixe a súa moción sobre a mesa en aras de sentarse co equipo de goberno para, conxuntamente, á vista do que informen os técnicos municipais e os servizos xurídicos e unha vez remitido á Xunta para que opinen ao respecto, poder tratar este tema e redactar o preceptivo regulamento co visto e prace da Xunta como corresponde.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, accede a deixar sobre a mesa esta moción sempre e cando teñan en conta ao seu grupo á hora de tratar este tema.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen que facer algún rogo ou pregunta, informando aos asistentes de que os rogos e preguntas que se fixeron na anterior sesión plenaria vanse contestar por escrito durante a vindeira semana.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que ten dúas preguntas, sendo a primeira relativa ao centro O Noso Lar no que viron que se está arranxando e non saben se é só por fora ou tamén por dentro, e dado que o seu grupo ten preguntado en varias ocasións se se ía abrir o bar que alí había e aínda non tiveron resposta, indicando no seu día que esta apertura a ían valorar as asociacións municipais, cuestión esta que tamén lles estrañou moito, solicita se lles informe sobre este tema.

Continúa a súa intervención a Sra. Ferreiro Varela e di que a segunda pregunta que quere facer é relativa á proposta dos tobogáns na Corveira, que sabe que foi aprobada no Concello de Culleredo pero non sabe se se aprobou xa pola Deputación provincial.

Responde o Sr. Alcalde a esta segunda pregunta e di que na Deputación atópanse revisando todas as achegas feitas por Culleredo e por outros concellos.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita de novo o uso da palabra a Sra. Ferreiro Varela e, unha vez concedido, di que ela entendeu que unha vez aprobado polo Concello de Culleredo xa ía á primeira sesión plenaria que tivera a Deputación.

Responde o Sr. Alcalde e di que unha vez aprobada a proposta polo Concello, os servizos técnicos da Deputación, e concretamente en Asistencia a Concellos, revísase toda a documentación e se detectan algún fallo o comunican ao Concello para que proceda á súa subsanación, sometendo o expediente a aprobación plenaria da Deputación unha vez atopen correcta a documentación remitida.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde e di que respecto do Centro Social O Noso Lar, o goberno municipal xa dixo no seu día que a súa intención non era abrir aí un bar e que o Centro Social O Noso Lar vai a través duns socios que levan unha especie de xestor e que o equipo de goberno está pendente de reunións cos clubes implicados como o de balonmán, o coro e demáis colectivos sociais, atopándose neste momento pintando o local o persoal do RISGA.

Intervén a Sra. Ferreiro Varela e pregunta se entón de momento non hai nada definitivo sobre o tema do Centro O Noso Lar.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que efectivamente, de momento non hai nada definitivo.

De seguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que ten un rogo e unha pregunta, comezando por esta última pois desde o ano 2016 a veciñanza de Celas leva propoñendo, ou reclamando, a construción dun centro de día na súa parroquia, e case o mesmo tempo leva o goberno municipal prometendo construílo; que saben que o Sr. Alcade se reuniu fai uns días con algúns dos veciños desa parroquia e repetiu a mesma promesa coa intención de incluílo nos vindeiros orzamentos cando xa aparece incluído no orzamento de 2019 pois no anexo de investimentos vai como antes comentou o Sr. Alcalde "con nome a apelidos": Centro de día de Celas, programa 2311, por importe de 233.263 euros, con recursos propios non dependentes doutras administracións, polo que entende que xa ten un proxecto e xa está preparado para que se inicie a súa construción, ocurrindo que este, coma outros proxectos, pasan a engordar o superávit do Concello de

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Culleredo, que engorda con proxectos de investimento que ano tras ano van aos orzamentos e que despois nunca se executan, preguntando por que esta obra de construción do centro de día de Celas non se está a executar.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o motivo é que non estaba adaptada á normativa da nova Lei de Contratos e houbo que adaptala, además de algún outro fallo dos que se deu a explicación pertinente á veciñanza que o entendeu perfectamente.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que o rogo do que falou ten que ver tamén cun contrato de obras do Concello de Culleredo pois xa hai máis de dous anos que os usuarios do pavillón polideportivo de Tarrío levan soportando a continua aparición de goteiras, e tanto os nenos que realizan alí actividades extraescolares como os clubes deportivos que alí entrenan e as súas familias vense afectados por estas deficiencias; que se licitou a obra por un total duns 54.000 euros rematando xa o prazo de execución e segue chovendo dentro do pavillón, aumentando os danos na superficie da pista de xogo; que esta pregunta non xurdiu agora coa chegada das chuvias senón que xa en comisións informativas no mes de xullo trouxeron esta mesma pregunta e contestaron que se estaba a traballar coa empresa adxudicataria para que o deixaran amañado antes de rematar o prazo de execución e resulta agora que o prazo de execución rematou e o problema segue sen estar resolto, rogando que se demande da empresa adxudicataria a resolución inmediata deste problema e que en ningún caso se execute a devolución da garantía da obra sen quedar resoltas satisfactoriamente todas as accións recollidas no proxecto da obra, sobre todo porque se ve nas dacións de conta deste pleno que se están a pagar facturas desta empresa.

Responde o Sr. Alcalde e di que atenderán escrupulosamente este rogo e que el está tamén moi preocupado por esa goteira, anunciando que no vindeiro exercicio vaise facer a remodelación integral do polideportivo de Tarrío e que a obra da que falou o Sr. Méndez Mosquera era unha primeira fase da obra completa que hai que facer no verán no vindeiro exercicio.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que quere facer un rogo en relación con fallos no alumeado público pois este último mes houbo reiterados fallos neste en varias rúas de Vilabora e noutras ocasións tamén noutras partes do Concello; que entenden que as avarías teñen un tempo de reparación e que ás veces se poida complicar pero desde o BNG teñen avisado xa noutras ocasións ao Goberno municipal de que hai que facer cumprir o establecido no contrato que o Concello de Culleredo ten cunha empresa para o, según o título do prego, *"Servicio de conservación de las instalaciones de alumbrado público, mantenimiento y revisiones periódicas de las instalaciones eléctricas en edificios municipales e instalación mantenimiento de iluminaciones festivas"*, pagando por este servizo 265.498,77 euros ao ano, e no que aparece un artigo onde se establece que "Durante o período comprendido entre a colocación das instalacións e a desmontaxe, incluíndo a ambos deberán ter un teléfono de aviso as 24 horas do día, incluíndo os festivos e domingos, facilitando o seu número na Área de medio ambiente, servizos e obras, e na policía local, con persoal con medios técnicos suficientes para realizar as reparacións que sexan precisas nas instalacións" e no artigo 21, relativo a servizo permanente de recepción de avisos, recóllese que " O contratista establecerá un servizo permanente as 24 horas do día, incluso domingos e festivos, de modo que nin un so momento ao longo do ano, quede sen atender o servizo, que disporá do persoal, equipo e medios das características seguintes:•Un operario para atender os avisos, reclamacións, instrucións, etc, que se reciban. Estas comunicacións serán anotadas nun libro que incluirá así mesmo as ordes transmitidas, a orixe das mesmas, a hora en que se efectuarán e demais incidencias que se produzan", motivos estes polos que quere facer o rogo de que se fagan públicos na páxina web do Concello os libros que veñen establecidos no prego de contratación para que todos os veciños e veciñas poidan consultar online o que está pasando e que se publicite na páxina web municipal, o teléfono do que falan os pregos de contratación para que toda a veciñanza teña claro a onde avisar.

Responde o Sr. Alcalde-Presidente e di que accederán á súa solicitude e darán conta de todo o que sexa posible.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Solicita novamente o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que ten outro rogo relativo a que se convoque de forma extraordinaria o CEM, o Consello Escolar Municipal, pois en datas recentes houbo unha reunión de representantes da Consellería de Educación, con directores de centros e algúns representantes de ANPAS na que se falou das necesidades de escolarización na ESO para o vindeiro curso e a repercusión que vai ter un novo incremento de matrícula nos centros existentes, tanto nos cursos da ESO coma nos de Bacharelato; que desa reunión trascendeu que se podería optar porque a Universidade Laboral deixe de impartir bacharelato e adscribir as matrículas existentes ao IES Rego de Trabe, así como adscribir parte das instalacións da Laboral tamén a ese centro, en concreto a parte da Universidade Laboral que hoxe ocupan os estudos de Náutico Pesqueira; que o seu grupo entende que esa xuntanza hai que tomala a modo informal pois non se trata dun organismo oficial pero cren que a corporación debe interesarse porque se lle dea unha solución firme e con vocación de duradeira ao déficit estrutural crónico do mapa educativo de Culleredo, que non se dá resolto malia que se constrúan novos centros, posto que parece que a planificación non existe; que habendo además unha proposta veciñal de que se estableza un centro que imparta a ESO no rural, con vocación de colaborar a resolver o problema do mapa de escolarización do que se falou, o grupo político do BNG roga ao Sr. Alcalde que se faga unha convocatoria extraordinaria de urxencia do Consello Escolar Municipal para xuntar aos representantes da comunidade educativa e tratar este tema, buscando encamiñar o mapa de escolarización a unha solución que permita coñecer ás familias o itinerario que van seguir os seus fillos e fillas e tamén poder decidir optar polo ensino público de calidade con garantías de que non van atopar sorpresas deste tipo.

Responde o Sr. Alcalde e di que con respecto á competencia que poida ter o Concello así o farán e que están a expensas de que a Xunta de Galicia os reciba.

C.I.F. P-1503100-H

Intervén de novo o Sr. Chouciño Garrido e di que quere concretar que o que se roga é que se reúna de forma extraordinaria o CEM que iso si se pode facer.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o que estea dentro da súa competencia e na súa man farase pero que están á espera de que os reciba a Xunta de Galicia para que lles explique de primeira man o que quere facer.

Solicita o uso da palabra de novo o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que ten unha pregunta sobre TECOR 10073 pois recentemente apareceron sinais de identificación do TECOR 10073; que TECOR é Terreo Cinexeticamente Ordenado, e que estas sinais das que fala están repartidas por distintos puntos da zona máis urbana de Culleredo, aparecendo baixo a igrexa do Burgo o lado da rotonda da ponte romana, ao final do paseo maritimo hacia Cambre antes da ponte peatonal de madeira, diante do bazar chinés na N 550 diante do mercadona na ponte do rio Valiñas, na pista que hai á esquerda da gasolinera que estan facendo nova pasando Vilaboa hacia o aeroporto N550 ou na rotonda do aeroporto N550, non entendendo como a zona urbana de Culleredo pode formar parte dun TECOR pois a Lei de Caza pon moi difícil que un área urbana pertenza a un TECOR, polo que roga que o Goberno Municipal averigüe de que forma se fixo esa tramitación e informe se se lle pedíu ao goberno municipal algunha participación neses trámites e que, no caso de que o TECOR non estea constituído conforme á Lei, o Goberno Municipal emprenda as accións necesarias para pedir a súa modificación e a retirada dos sinais de identificación que mencionan.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o goberno municipal atópase facendo ese trámite coa Xunta de Galicia.

A continuación, o Sr. Chouciño Garrido di que ten outro rogo relativo ao servizo de correos do Burgo pois chegan ao BNG moitas queixas polo funcionamento do servizo de correos nesa oficina, habendo longas colas permanentes e é unha evidencia que unha persoa soa non abonda para atender unha oficina nunha zona tan poboada e que xera tanta demanda no servizo; que supón que ao Concello tamén lle teñen chegado queixas polo servizo polo que roga ao Sr. Alcalde que demande da instancia de correos que corresponda que se dote a esa oficina dos medios persoais e materiais necesarios para dar un servizo á altura que esixe unha poboación coma a do Burgo e informe á Corporación municipal sobre se se ten feito algunha acción por parte do goberno municipal ao respecto.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Responde o Sr. Alcalde e di que o goberno municipal xa fixo as xestións oportunas e quedaron de dar resposta antes de finais deste ano, solicitando un punto de atención continua ata as oito da tarde polo menos, respondendo que as instalacións que teñen no Burgo non son suficientes e o equipo de goberno agora está á espera de que o goberno central se formalice e poder ter unha reunión para poder ter unha oficina de Correos de atención continua no Burgo.

A continuación solicita u uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo ten un rogo relacionado tamén co polideportivo de Tarrío pois reuníronse a semana pasada coa AMPA do colexio e además do problema das goteiras que segue existindo non só na pista de xogo senón tamén nas gradas comunicáronlle que o ximnasio tamén ten goteiras polo que se necesita tamén que se arranxe esta zona además de poñer unha protección ás zapatas dos pilares pois supoñen un problema para os nenos que poidan caer contra elas.

Responde o Sr. Alcalde-Presidente e di que en canto ao material protector non hai ningún problema en acometer esa obra e que as goteiras existentes débense a danos estruturais polo que o seu arranxo compételle á Consellería de Educación pois o Concello pode facer o mantemento dun edificio destinado á Educación Infantil e Primaria pero as obras que afecten á estrutura, como pode ser a cuberta do edificio, non son competencia do Concello.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que ela entende que o Sr. Alcalde se equivoca pois hai un pacto local entre a Consellería e a Fegamp que, na cláusula cuarta, di que as goteiras corren a cargo do Concello.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que atende o rogo que fai o grupo político popular pero hai que ter en conta que se o problema fora unha goteira puntual si que a arranxaría o Concello pero parece ser que se trata dun dano estrutural, cuestión esta que os servizos técnicos se atopan neste momento analizando, e se fora así é a Consellería a que ten que arranxar e por iso están pendentes dunha reunión con ela.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que quere facer uns rogos ou preguntas pois no pleno anterior preguntoulle á tenente de alcalde polo aparcadoiro de motos en Fonteculler, sobre o que presentou un escrito o 31 de xuño e outro tentando impulsar este tema o 18 desde mes, polo que nesta sesión pregunta ao Sr. Alcalde se ten coñecemento desta solicitude.

Responde o Sr. Alcalde-Presidente dicindo que, como xa dixo, as preguntas vanse contestar por escrito na vindeira semana.

Retoma a súa intervención o Sr. Prieto García e di que, respecto ao tema de asfaltados, hai moitos problemas tanto na zona rural do Concello como por Vilaboa no Monte Alfeirán e máis, recordando dous escritos que o grupo político popular presentou no verán e non se atenderon, estando agora na época de chuvias polo que solicita se lle informe se hai algunha actuación prevista sobre esta cuestión e se ten pensado parchear dalgunha forma antes de que chegue o peor inverno.

Responde o Sr. Alcalde-Presidente e di que mentres chove, non se pode bachear nin asfaltar porque se estaría tirando o diñeiro.

Intervén o Sr. Prieto García e di que se solicitou por escrito no verán, cando non chovía.

Responde o Sr. Alcalde-Presidente e di que fai catro anos que non pasa o que pasou no mes de outubro deste ano; que se atendeu a solicitude feita con moita razón polo Sr. Chouciño e tapouse con urxencia na avenida de Rutis pero agora, con chuvia, non se pode asfaltar nin se pode bachear porque se estaría tirando o diñeiro porque o asfalto que se fai é asfalto en quente e débense dar unhas condicións meteorolóxicas determinadas.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:27 del día 16/12/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:25 del día 16/12/2019. Mediante el código de verificación 1V0Y2O6M5G2S1I0V19PT puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Retoma a súa intervención o Sr. Prieto García e di que respecto á instalación de Internet no rural, o Sr. Alcalde prometera que se ía mellorar este tema e hai zonas, como na Hermida e practicamente toda a zona de Culleredo excepto a zona da Casa Consistorial, onde moitas veces os veciños non teñen conexión e contan cunhas condicións nefastas; que no mes de setembro apareceu unha noticia na prensa dicindo que ao longo deste ano esta situación estaría solventada polo que pregunta se o equipo de goberno adoptou algunha medida respecto disto.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que tivo reunións coas operadoras que teñen subvención da administración autonómica para acometer este tipo de obras e dixeron que non so van facer obras para que mellore esta situación senón que tamén van aumentar o mapa de cobertura e que R, que cubriría practicamente o 100% da parroquia de Almeiras e continuaría por Liñares e demáis, tivo problemas internos de empresa con enxeñeiros cos que xa non conta, etc; que hai fibra óptica en moitas zonas do rural pero ás veces por política de empresa se tres ou catro veciños non solicitan o enganche Telefónica se demora e que moito do que ocurre pasa por privatizar empresas que deberían ser públicas.

O Sr. Prieto García intervén novamente e di que ten un rogo sobre o problema das ratas en Fonteculler; que non pon en dúbida que o Concello tomara medidas, como xa se comentou noutro pleno, e entende que é unha zona moi fastidiada, pegada á ría e con moita vexetación, pero presentaron un escrito o 18 de novembro con fotografías de ratas considerables polo que solicita se teña en conta e se avise novamente á empresa de desratización.

Continúa a súa intervención o Sr. Prieto García e di que, por último, o seu grupo solicitou mediante escritos presentados no rexistro municipal a posta a disposición de múltiples contratos sen que se lle dea resposta a practicamente nada, un escrito de data 13 de xuño ao que tampouco se lle deu resposta, e que, cando obteñen resposta, é remitindolles a outra área que tampouco dá resposta, exceptuando desta conduta á Secretaría municipal, que sempre cumpre e presenta os expedientes.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que el pensa que si se atenden as demandas pero ao mellor a resposta que obteñen non lles gusta.

A continuación interveñen simultaneamente o Sr. Prieto García e a Sra. García Gorostizu afirmando que non se lles dá resposta, indicando a continuación o Sr. Prieto García que a petición a fan como un rogo, non como unha crítica.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que vai preguntar que pasou porque ás veces ao pasar dun departamento a outro pode haber despistes.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as quince horas e trinta e dous minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)

RIOBOO CASTRO, JOSE RAMON
Alcalde-Presidente
16/12/2019 13:27

PASTOR NOVO, PILAR MARÍA
Secretaria Xeral
16/12/2019 13:25

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es